

**ACORDO do 20 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Rodicio, situado nos concellos de Maceda e Montederramo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/030). DOG Núm. 109, de 8 de xuño de 2022. Fin prazo para alegacións: 21/07/2022.**

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220608/AnuncioV0653-230522-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220608/AnuncioV0653-230522-0001_gl.html)

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Rodicio.	Greenalia Wind Power, S.L.; CIF: B70501473.	Maceda e Montederramo (Ourense).	<p>– 12 aeroxeradores modelo Vestas V150 de 4,2 MW, o aeroxerador AE12 limitado a 3,8 MW, cunha altura de buxa de 107 m, diámetro de rotor de 150 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia góndola dos aeroxeradores, con potencia unitaria de 5.000 kVA e relación de transformación de 0,720/30 kV.</p> <p>– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación receptora do parque eólico, composta por tres circuitos con condutores tipo RHZ1-OL 18/30 kV de sección variable segundo o tramo, o circuito 1 para a interconexión dos aeroxeradores AE09, AE10, AE11 e AE12; circuito 2 para os AE05, AE06, AE07 e AE08 e o circuito 3 para os AE01, AE02, AE03 e AE04.</p> <p>– Centro de seccionamento e control do parque cos seguintes elementos: unha posición de medida, unha posición de protección xeral e tres posicións de liña para a conexión dos aeroxeradores. Todo iso co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección, composto por PC e software tipo Scada para mando, supervisión local e remota de instalacións e medida das magnitudes eléctricas.</p> <p>– Subestación SET Rodicio 30/132 kV composta por:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• En 30 kV celas de interior en configuración de simple barra: unha posición de protección de transformador; unha posición de transformador para SS.AA. de 50 kVA e relación de transformación 30/0,4 kV; unha posición de medida e dúas posicións de liña, unha para PE Rodicio e outra para PE Rodicio II (expediente IN408A 2020/42).</li> <li>• Parque a nivel de 132 kV en intemperie en configuración de simple barra, cunha posición de liña e unha posición de transformación de potencia, cos equipamentos necesarios de protección e medida; e un transformador instalado en intemperie de potencia 60/70 MVA ONAN/ONAF e relación de transformación 132/30 kV, con regulación de carga JANSEN+/-10 %.</li> </ul> <p>O obxecto da información pública será a autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico. A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade da urxente</p>

			ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.
--	--	--	---

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado o 19 de maio de 2022).
2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA-outubro 2020), que figura no anexo a este acordo.
3. O estudo de impacto ambiental (EIA) (abril de 2022).
4. O proxecto de interese autonómico (visado o 28 de abril de 2022).

O obxecto da información pública será a autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico. A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade da urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado o 19 de maio de 2022).
2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA-outubro 2020), que figura no anexo a este acordo.
3. O estudo de impacto ambiental (EIA) (abril de 2022).
4. O proxecto de interese autonómico (visado o 28 de abril de 2022).